


Somos Ponte

Compromiso local, xustiza global



GUÍA DE ORGANIZACIÓNS PARTICIPANTES

Neste documento atoparás información sobre as organizacións, colectivos e institucións que se inscribiron no encontro sectorial Somos Ponte, celebrado o 29 de novembro de 2023.

A xornada formou parte do programa de sensibilización Somos Ponte, que a Coordinadora Galega de ONGD desenvolve en colaboración coa Deputación de Pontevedra.



ORGANIZACIÓNS SOCIAS DA COORDINADORA GALEGA DE ONGD

(Podes ampliar información no enlace do pé de páxina)

Coordinadora Galega de ONGD

É unha plataforma social e política de ONG de desenvolvemento comprometidas coa consecución da xustiza social e o fin das desigualdades globais. Son organizacións que traballan dende Galicia nun modelo de cooperación transformadora, baseada no desenvolvemento sustentable, o enfoque feminista e a defensa dos dereitos humanos. Para saber máis:

- galiciasolidaria.org
- info@galiciasolidaria.org
- <https://www.facebook.com/CoordinadoraGalegaONGD>
- <https://twitter.com/cgongd>
- https://www.instagram.com/coordi_galega_ongd/

Solidariedade Internacional de Galicia

Cooperación internacional de perfil progresista, de vangarda e con capacidade de provocar cambios profundos que buscan dignificar a vida das persoas. Ten presenza en 15 países nos que traballa da man de 36 organizacións locais. Ademais de contar cun numeroso grupo de voluntariado en Galicia, xestiona tres tendas de comercio xusto en Pontevedra, Ourense e A Coruña

Médicos do Mundo

Asociación independente que traballa para facer efectivo o dereito á saúde para todas as persoas, especialmente para as poboacións vulnerables, excluídas ou vítimas de catástrofes naturais, fame, enfermidades, conflitos armados ou violencia política. Desenvolve proxectos en España e en 19 países de América, África, Oriente Medio e Europa.



Fundación Educo

ONGD que traballa en máis de 14 países dende hai máis de tres décadas polo benestar e os dereitos da infancia, co foco posto moi especialmente no dereito a recibir unha educación de calidade. Teñen desenvolto máis de 200 proxectos de acción social e axuda humanitaria, entendendo a educación como algo fundamental que cura, empodera e protexe.

Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS)

É unha organización non gubernamental con sede en Vigo formada por persoas voluntarias que adican parte do seu tempo a colaborar na axuda ao pobo saharauí. Parte dos obxectivos de SOGAPS céntranse en mellorar as condicións de vida dxs refuxiadxs e da poboación que vive no Sáhara Occidental. Entre os prxectos que impulsa, desenvolve ou apoia está o coñecido programa de Vacacións en Paz para os nenos e nenas saharuís.

Arquitectura sen Fronteiras

A demarcación galega da ONGD Arquitectura sen Fronteiras naceu no ano 1995 na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña. Desenvolven proxectos integrais na contorna da cidade e en América Central relacionados coa arquitectura, o urbanismo, as infraestruturas e a educación e a sensibilización. O seu obxectivo é promover un desenvolvemento local non dependente, participativo e sustentable baseado no respecto ao medio ambiente e a cada cultura e comunidade.

Fundación Balms para a Infancia

A fundación ten como obxectivo principal garantir o acceso de nenos e nenas a unha educación de calidade, así como a súa protección fronte vulnerabilidade e violencia. As profesionais da organización traballan en dúas liñas concretas: protexer os dereitos da infancia e promover a concienciación social arredor desta cuestión. Presente con proxectos de cooperación ao desenvolvemento en Colombia, Perúa, República Dominicana e Congo.



Fundación Entreculturas

ONG da Compañía de Xesús que promove, a través de proxectos de cooperación ao desenvolvemento, o acceso a unha educación de calidade e en igualdade de oportunidades en contextos de exclusión e vulnerabilidade en África, América latina, Asia e Europa. Tamén con accións e proxectos de participación e educación para a cidadanía global.

Mans Unidas

ONG de desenvolvemento da Igrexa católica e voluntarios que traballan apoiando aos pobos do Sur no seu desenvolvemento e sensibilizando á poboación española. Loitan contra a desnutrición, a fame e outras formas de pobreza e desigualdade. Os seus proxectos están presentes en case 60 países do mundo. Ten varias sedes en Galicia, entre as que están as de Pontevedra e Vigo.

AIRE (Asociación integral de rescate de emerxencias)

Orixinariamente AIRE era un equipo de profesionais de emerxencias, como bombeiros, persoal médico-sanitario e socorristas, especializadxs na acción rápida en contextos de crise. Actualmente incorpora outros perfís profesionais e un campo de acción máis diverso. Está presente en Grecia, co proxecto Elna de atención a refuxiadas embarazadas e bebés lactantes, e nos campamentos saharauís.

Fundación Tierra de Hombres

A organización, que ten os seus focos de actuación na saúde materno-infantil e na protección á infancia, apoia a realización de 5 programas de cooperación ao desenvolvemento en América Latina, África e Oriente Medio, ademais dun programa rexional de atencións médicas especializadas en España e en varios países africanos.



Asemblea de Cooperación pola Paz

ACPP é o punto de encontro de persoas que aspiran a vivir nun mundo baseado na xustiza, a dignidade e a igualdade. Con esa premisa -e partindo da base de que en calquera proceso de cambio o protagonismo debe ser de comunidades e persoas implicadas- desenvolve os seus proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Sempre da man de organizacións dos países nos que traballa e que se ubican no Magreb, África Occidental, Oriente Medio, Centroamérica, Sudamérica e Caribe.

Fundación Vicente Ferrer

Seguindo o exemplo de Vicente Ferrer, a fundación mantén o compromiso coa transformación e empoderamento das zonas rurais máis empobrecidas e discriminadas na India e tamén en Nepal, onde traballa da man de colectivos locais. A protección da infancia, a inclusión das persoas con discapacidade, a saúde xeral e a saúde sexual e reprodutiva ou igualdade están entre os seus obxectivos.

AGARESO

A Asociación Galega para o Cambio Social é unha organización sen ánimo de lucro formada por profesionais do mundo da comunicación en Galicia, que cren no poder desta ferramenta para transformar a sociedade. Así, a través da comunicación e dos seus diversos formatos e posibilidades, desenvolven proxectos de cooperación internacional e de educación para o cambio social.

Amigas da Terra

AdT é unha entidade ecoloxista e de cooperación ao desenvolvemento que ten como misión fomentar o cambio local e global cara unha sociedade respectuosa co medio ambiente, xusta e solidaria. A día de hoxe son máis dun cento de socixs en Galicia e dúas oficinas, unha delas en Vigo. Traballan principalmente en cinco áreas: soberanía alimentaria, biodiversidade e xustiza económica, xustiza climática e recursos naturais e residuos. Tanto en Galicia como en Nicaragua e Honduras.



OUTRAS ORGANIZACIÓNS QUE PARTICIPARON NO ENCONTRO

UNICEF Comité de Galicia:

UNICEF, Fondo das Nacións Unidas para a Infancia, desempeña o seu labor en máis de 190 países baixo o paraugas da Convención sobre os Dereitos do Neno. A misión de UNICEF Comité de Galicia é a de mobilizar recursos para a infancia en países en desenvolvemento, sensibilizar á cidadanía sobre a situación que vive a infancia ao redor do mundo e promover e defender os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes que viven en Galicia.

- Santiago de Compostela, Rúa Galeras 13 - 2º, oficina 5.
- galicia@unicef.es
- <https://www.unicef.es/gal> / <https://www.unicef.es/>
- <https://twitter.com/UNICEFGalicia>

Rescate Internacional:

ONG Rescate é unha asociación sen ánimo de lucro dedicada dende 1960 a atender a persoas refuxiadas, vítimas de conflitos, violencia e desastres naturais nos seus países de orixe e destino, prestando especial atención ás máis vulnerables, mulleres e menores. Brindan atención directa en España a persoas refuxiadas ou solicitantes de protección internacional e fan cooperación Internacional en países que sufren guerras ou que teñen poboacións refuxiadas ou desprazadas.

- Rúa do Teatro 9, 3ro B, 27002, Lugo, Galicia
- denisse.cortinas@ongrescate.org
- <http://www.ongrescate.org/>
- <https://www.instagram.com/ongrescate/>
- <https://twitter.com/ongrescate>



Fundación Juan Soñador:

A súa labor céntrase no traballo directo con persoas en situación de risco e/ou exclusión social, nas áreas de emprego, inclusión social e infancia e xuventude. Os seus perfís prioritarios, actualmente, son menores de 18 anos nos programas de infancia e xuventude e persoas migrantes nos de inclusión e emprego.

- Vigo. Calle Pilar nº6, baixo
- terangavigo@fundacionjuans.org
- <https://fundacionjuans.org/>
- <https://www.facebook.com/fundacionjuans>
- <https://www.instagram.com/fundacionjuans>

Grupo Amnistía Internacional de Pontevedra:

Amnistía Internacional é unha organización que loita polas persoas que defenden os dereitos humanos en todo o mundo. O grupo de Pontevedra xorde a comezos do ano 2023 para visibilizar esta importante labor no noso ámbito máis próximo.

- pontevedra@es.amnesty.org
- <https://blogs.es.amnesty.org/galicia/>
- <https://www.facebook.com/profile.php?id=100064680967373>

Azada Verde

Organización sen ánimo de lucro cuxo principal obxectivo é a loita contra a fame e a pobreza. O seu compromiso está nas comunidades de Mozambique, onde impulsa o desenvolvemento sostible de sistemas alimentarios locais, apoiados nas enerxías limpas e a agroecoloxía.

- info@azadaverde.org
- <https://azadaverde.org/>
- <https://www.facebook.com/azadaverde.org>
- <https://twitter.com/AzadaVerde>
- <https://www.instagram.com/azadaverde/>



INSTITUCIÓN QUE PARTICIPARON EN SOMOS PONTE

Xunta de Galicia

A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, dependente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é o órgano da Administración encargado de deseñar e dirixir a política de cooperación para o desenvolvemento da Xunta de Galicia. A través da política pública de cooperación para o desenvolvemento, regulada na Lei 10/2021, do 9 de marzo, a sociedade galega pon a disposición dos pobos empobrecidos a súa experiencia histórica, os seus valores, activos e recursos, sumándose aos procesos existentes para combater a pobreza e as súas causas e promovendo activamente o dereito ao desenvolvemento integral, humano e sustentable.

- <https://cooperacion.xunta.gal/gl>

Fondo Galego de Cooperación:

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha asociación sen ánimo de lucro integrada por administracións locais de Galicia unidas pola vontade común de contribuír á erradicación das desigualdades Norte-Sur, a través de proxectos de cooperación ao desenvolvemento e a sensibilización social en Galicia.

- <https://fondogalego.gal/>
- info@fondogalego.gal
- <https://twitter.com/FondoGalego>
- <https://www.facebook.com/FondoGalego>
- <https://www.instagram.com/fondogalego/>

Universidade de Vigo:


A Universidade de Vigo entende a cooperación como o conxunto de accións dirixidas ao intercambio de experiencias e recursos entre países para construír metas comúns na consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible incluídos na Axenda 2030. Así mesmo, defende un tipo de cooperación que provoque un cambio social nas zonas de intervención a través da participación das persoas beneficiarias naqueles proxectos que contribúan a un desenvolvemento autosostido, autónomo e sistemático.

- <https://www.uvigo.gal/campus/voluntariado-cooperacion/cooperacion-ao-desenvolvemento>



Somos Ponte





Unha provincia conectada co mundo
a través da **COOPERACIÓN** ao **DESENVOLVEMENTO**